
*POLITICA ANTITABACO DA XERENCIA INTEGRADA DE
SANTIAGO E BARBANZA*

1. Promover e incentivar condutas exemplares entre os membros da comunidade sanitaria na liña de evitar o consumo de tabaco e divulgar a cultura sen tabaco tanto entre profesionais como en pacientes.
 2. Prohibir o consumo de tabaco nos espazos do hospital e a súa contorna, e establecer medidas informativas, pedagóxicas e divulgativas orientadas á erradicación do consumo de tabaco na nosa organización.
 3. Introducir o discurso antitabáquico de modo transversal en todas as especialidades médicas, e de modo particular nas comunicacións presentadas por membros da organización en congresos, xornadas, conferencias nos que sexa relevante, así como en manifestacións públicas.
 4. Solicitar aos membros da comunidade que de forma sistemática pregunten aos seus pacientes polos seus hábitos de consumo ou exposición como fumadores pasivos, advirtan dos seus perigos e aconsellen os medios para deixar de fumar.
 5. Promover a participación proactiva dos membros da comunidade sanitaria no “DIA MUNDIAL SEN TABACO”, que se celebra o 31 de Maio de cada ano.
 6. Evitar toda colaboración coa industria tabaqueira evitando a recepción de fondos económicos ou apoio financeiro a actividades.
 7. Impedir nos centros da XXI de Santiago e Barbanza a venda ou promoción de produtos relacionados co consumo de tabaco.
 8. Destinar recursos á loita antitabaco incluíndo a información e divulgación do consumo, ademais da divulgación e implantación das propostas incluídas na presente relación de boas prácticas.
 9. Promover e incentivar a participación dos profesionais da saúde nas actividades da loita antitabáquica desenvolvidas por calquera organización, e organizar xornadas propias.
 10. Apoiar todas as campañas que promovan os lugares públicos sen fumar de tabaco.
-